



**DON AMANCIO LAVANDEIRA SUÁREZ, ALCALDE DO CONCELLO DE CORISTANCO (A CORUÑA)**

## INFORMO

De que na Xunta de Goberno local de data 20/08/2015 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

### **“2.- APROBACION DE ACORDO SOBRE DEIXAR SEN EFETO A CONTRATACION INICIADO NO ANO 2014 PARA A COBERTURA DA PRAZA DE ARQUITECTO TÉCNICO.**

Por parte do presidente faise constar que existía un proceso aberto de contratación a través de concurso-oposición da praza de arquitecto técnico deste concello coa calificación de persoal laboral fixo.

O contido da proposta de alcaldía de data 14/08/2015 é a que segue:

“No ano 2014 iniciouse un procedemento para contratar un arquitecto técnico, praza existente neste concello reservada a persoal laboral fixo, a través do sistema de concurso-oposición.

Por resolución de alcaldía de data 04/01/2014 aprobouse a convocatoria e bases que rexerían a convocatoria de selección.

O anuncio relativo a tal contido foi remitido ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación en data 21/03/2014 (RS nº 665) e foi publicado no BOP nº 63 de data 02/04/2014.

Tamén foi remitida reseña ao Diario Oficial de Galicia para a súa publicación (RE nº 2014/181253 con código PRRWEB01) en data 21/03/2014 e foi publicado no DOG nº 70 de data 10/04/2014.

Por decreto de alcaldía de data 04/04/2014 aprobouse rectificar erros detectados nas bases aprobadas.

Anuncio desta corrección remitiuse ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación en data 07/04/2014 (RS nº 800) e foi publicado no BOP nº 72 de data 15/04/2014.

Tamén foi remitida reseña ao Diario Oficial de Galicia para a súa publicación (RE nº 2014/271998 con código PRRWEB01) en data 21/04/2014 e foi publicado no DOG nº 79 de data 25/04/2014.

De igual xeito se remitiu para a súa publicación reseña ao Boletín Oficial do Estado en data 25/04/2014 (RS nº 935) e foi publicado no BOE nº 112 de data 08/05/2014.

En data 06/05/2014 (RE nº 1509 con RS nº 000006332\_1400139356) a través do portelo único do Ministerio de Facenda preséntase no rexistro xeral deste concello un recurso de reposición fronte á convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo por parte de D. Pedro Beade Roel en nome e representación do Sindicato Comarcal da Federación e Servizos á Cidadanía de Comisións Obreiras da Coruña.

En data 22/05/2014 (RE nº 1836) a secretaria municipal emite informe xurídico sobre o antedito recurso de reposición, proponendo unha estimación parcial do mesmo.

En data 11/06/2014 (RE nº 2258 con RE nº 87400/RX597183) a través do portelo único do Xunta de Galicia preséntase no rexistro xeral deste concello un recurso de reposición fronte á convocatoria e bases reguladoras do proceso selectivo por parte de Dª. Mª Pilar Souto Eiras, sen que conste máis tramitación.

Tendo en conta que neste ano 2015 se opta por cubrir a praza de forma interina ata a cobertura definitiva da mesma a través doutro proceso diferente, xa publicado nos cauces oficiais oportunos.

Tendo en conta a Resolución de Alcaldía de data 22.06.2015 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía propón a este órgano colexiado a adopción do seguinte acordo,:

**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto a convocatoria para a contratación dun arquitecto técnico realizada a través do sistema de concurso-oposición e incoada no ano 2014 á vista da incoación dun novo proceso e a paralización do anterior.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade ao acordo deste órgano na sede electrónica deste concello, na páxina web deste concello e no taboleiro de anuncios do concello.”

Sometido a votación este asunto, apróbase por unanimidade dos presentes.”

E para que así conste, así como para dar cumprimento ao acordado e proceder á súa publicación, asino o presente documento en Coristanco o día vinte e un de agosto de dous mil quince.

